

## UN BREVE FRAGMENTO DE A. MANZONI EN GALEGO: O «ADIO, MONTI»

Xavier Rodríguez Baixeras

*I Promessi sposi*, de Alessandro Manzoni, editada en 1827, é, sen dúbida, a grande novela da literatura italiana. Á parte das múltiples e dispares interpretacións que se teñan feito, desde a que a considera imbuída dun catolicismo absolutamente ortodoxo e reaccionario ou, na perspectiva social, froito dunha visión elitista («nela só os señores teñen vida interior», afirmou A. Gramsci), ata quen, sen negar o seu carácter propagandístico da relixión católica, se sente fascinado pola verdade que emana, como é o caso de Carlo E. Gadda, nos tempos actuais, e, nos pasados, do mesmo Goethe (quen, por certo, a penas lle puxo o reparo do longo episodio da peste, por consideralo de mal gusto), ninguén discute a súa relevancia como novela total no tocante aos xéneros, como creación de personaxes arquetípicos, representativos das distintas clases ou forzas sociais, como brillante precedente, en moitos momentos, da novela psicolóxica e realista. Dela dixó Italo Calvino que propón «una visione della storia come continuo fronteggiamento di catastrofi», entre as que destacan a natureza abandonada por Deus (a carestía), o mal goberno, a guerra, etc., e mais a peste, ou execución da xustiza divina. Trátase dunha novela de xénero histórico, tal como era propio na época, e a súa acción transcorre na Lombardía do s. XVII.

O fragmento que traducimos é emblemático. Pertence ao momento no que os noivos, Renzo e Lucía, e mais a nai desta, Agnese, deben escapar da súa aldea porque don Rodrigo, o nobre español que manda na bisbarra, persegue á rapaza. Un frade capuchino, frei Cristóforo, que intercedeu sen éxito perante o asoballador, proporcionoulles un bote para pasaren o lago e dirixírense ó convento de Monza.

Pódense apreciar dúas partes ben diferenciadas. Unha primeira, de carácter narrativo e descritivo, na que os protagonistas embarcan e inician a súa travesía; e outra, segunda, que consiste na despedida íntima de Lucía

VICEVERSA 1 (1995) 171-178

171

dos seus seres queridos. Naquela cabe destacar a nitidez na descrición, así como tamén o carácter evocador do silencio; un silencio de derrota, como se ten dito, pero tamén de desamparo; e un silencio que segue a outro, máis prolongado, de Lucía, e que agora, ben que “secretamente”, racha en pranto. Canto á segunda parte, é ben patente o seu carácter elexiaco. O que na primeira fora recolleto dos personaxes e da natureza –a natureza grandiosa do lago, expresada neste episodio de maneira máis dinámica e non tan rixida como ao inicio da novela– convértese agora en elevación. Tense comparado este celeberrimo –sobre todo en Italia– «*Adio, monti*» con outros textos de semellante significado, tanto anteriores como posteriores, como é o caso da oda «*A la Patria*», de B. C. Aribau (e aos que nós poderíamos engadir o noso folclórico «Adios ríos, adios fontes», así como as numerosas cántigas de despedida); pero non deixa de ser un detalle banal. O que si cabe ter en conta é a consideración do fragmento como unha especie de coro que, á maneira de traxedia grega, comenta ou glosa o acontecemento de modo lírico. Neste sentido poderíamos concibir o texto como un bloque independente, en clara coherencia coa imposibilidade do último parágrafo, isto é, que “eses xustamente” foran os pensamentos de Lucía, ou, o que vén sendo o mesmo, que esta pense en terceira persoa. Sexa como for, é incuestionable a orixinalidade do texto, co cal Manzoni pecha a primeira parte da novela.

Naturalmente, a tradución debe facer apreciar o contraste. Ao silencio dos pasaxeiros (*i passeggeri silenziosi*) debe corresponder unha lingua pausada, serena, harmónica. Por veces, non será posible verter a aliteración (*l'ondeggiar leggero*), pero si a cadencia vagarosa con que a lingua vai trazendo a noite serena, a calma das augas, o ritmo compasado dos remos e, pouco despois, o percorrido demorado da ollada de Lucía ata, finalmente, identificar a súa casa. Pola contra, no «*adío, monti*» a lingua debe reflectir a irrupción elexiaca, esa elevación de ton lírico que se corresponde coa elevación física dos montes e na lingua orixinal coa aliteración do grupo -nt-: *monti, sorgenti, mente, torrenti, biancheggianti, pascenti*, que non sempre será doado verter, como tampouco certas rimas: *pendio/laddio*. En troques, o traductor(a) xoga coa vantaxe da implacable lucidez e coherencia dos períodos, coa súa disposición correlativa, que favorece a transmisión fiel da estrutura. Ás veces semella incomprendible a incapacidade dos tradutores españois anteriores ás magníficas versións modernas de Manzoni, pois aínda que a acumulación de adxectivos e de verbos pode resultar *a priori* un inconveniente, a simetría estrutural é, de feito, unha guía case perfecta. De maneira que debou ser, se cadra, o descoñecemento do léxico ou da morfoloxía, ou simplemente a preguiza, ou, ¿por que non?, unha concepción diferente da arte da tradución, o que conduciu a eses autores a unhas versións tan defectuosas, nas que se perde a peculiaridade da prosa manzoniana, tal como sinalou Esther Benítez no prólogo da súa edición e tradución de 1977.

O texto é, preferentemente, culto. Tal é a lingua que predomina en Os

noivos, agás certos coloquialismos que atopamos na boca de Renzo e, sobre todo, de Agnese e algún que outro personaxe do pobo. A lingua galega, tan embebida de expresión popular pero, asemade, empedrada en servir como vehículo de transmisión de calquera obra universal, pode facer conxenia perfectamente ámbolos dous niveis. De feito, ler a Manzoni é asistir experimentalmente ao nacemento da lingua moderna e tradución non é senón contribuir ao establecemento da propia.

Actualmente, como dixemos, dispomos de dúas extraordinarias versións castelás. Cóubolle a Esther Benítez o grande mérito de nos transmitir por primeira vez o Manzoni máis auténtico. O seu traballo está cheo de felices achados, servidos nunha lingua de singular expresividade e harmonía<sup>1</sup>. Pola súa banda, é tamén excelente a aportación posterior de Nieves Muñiz, con algunhas novas e interesantes perspectivas<sup>2</sup>. Certamente, o cotexo de ámbalas traducións a partir do orixinal é toda unha lección, unha experiencia fascinante para calquera lector, e, sobre todo, para un traductor. Tamén consultamos a catalana de M<sup>o</sup> Antonia Salvà, revisada por F. Vallverdú, correcta, pero en menor medida cás anteriores<sup>3</sup>.

### Velaquí o texto italiano

*Senza aspettar risposta, fra Cristoforo, andò verso la sagrestia; i viaggiatori usciron di chiesa; e fra Fazio chiuse la porta, dando loro un addio, con la voce alterata anche lui. Essi s'avviarono zitti zitti alla riva ch'era stata loro indicata; videro il battello pronto, e data e bavattata la parola, c'entrarono. Il barcaio, puntando un remo alla proda, se ne staccò; afferrato poi l'altro remo, e vogando a due braccia, prese il largo, verso la spiaggia opposta. Non tirava un alito di vento; il lago giaceva liscio e piano, e sarebbe parso immobile, se non fosse stato il tremolare e l'ondeggiar leggero della luna, che vi si specchiava da mezzo il cielo. S'udiva soltanto il frotto morto e lento frangersi sulle ghiaie del lido, il gorgoglio più lontano dell'acqua rotta tra le pile del ponte, e il tonfo misurato di que' due remi, che tagliavano la superficie azzurra del lago, uscivano a un colpo grondanti, e si rituffavano. L'onda segata dalla barca, riunendosi dietro la poppa, segnava una striscia increspata, che s'andava allontanando dal lido. I passeggeri silenziosi, con la testa voltata indietro, guardavano i monti, e il paese rischiarato dalla luna, e variato qua e là di grand'ombre. Si distinguerevano i villaggi, le capanne; il palazzotto di don Rodrigo, con la sua torre piana, elevato sopra le casucce annucchiate alla del promontorio, pareva un force che, ritto nelle tenebre, in mezzo a una compagnia d'addormentati, vegliasse, medi-*

1. En *Clásicos Alfaguara*. Alfaguara, Madrid, 1978.

2. En *Letras Universales*, Cátedra, Madrid, 1985.

3. En *Les millors obres de la literatura universal*, Ed. 62 i la Caixa, Barcelona, 1981.

tando un delitto. Lucía lo vide, e rabbrividi; scese con l'occhio già giù per la china, fino al suo puesello, guardò fiso all'estremità, scopri la sua casetta, scopri la chionia folia del fico che sopravanava il muro del cortile, scopri la finestra della sua camera; e, seduta, come era, nel fondo della barca, posò il braccio sulla sponda, posò sul braccio la fronte, come per dormire, e pianse segretamente.

Adio, monti sorgenti dall'acqua, ed elevati al cielo; cime inuguali, note a che è cresciuto tra voi, e impresse nella sua mente, non meno che lo sia l'aspetto de' suoi più familiari; torrenti, de' quali distingue lo scroscio, come il suono delle voci domestiche; vigne sparse e bincheggianti sul pendio, come il suono delle voci domestiche; addio! Quanto è tristo il passo di chi, cresciuto tra voi, se ne allontana! Alla fantasia di quello stesso che se ne parte volontariamente, tratto della speranza di fare altroue fortuna, si disabelliscono, in quel momento, i sogni della ricchezza; egli si maraviglia d'essersi potuto risolvere, e tornerebbe allora indietro, se non pensasse che, un giorno, tornerà dovizioso. Quanto più s'avanza nel piano, il suo occhio si ritira, disgustato e stanco, da quell'ampiezza uniforme; l'aria gli par gravosa e morta; s'inoltra mesto e disillento nelle città tumultuose; le casenginte a case, le strade che sboccano nelle strade, pare che gli levino il respiro; e davanti agli edifici ammirati dallo straniero, pensa, con desiderio inquieto, al campicello del suo paese, alla casuccia a cui ha già messi gli occhi addosso, da gran tempo, e che comperà, tornando ricco a' suoi monti.

Ma chi non aveva mai spinto al di là di quelli neppure un desiderio fuggitivo, chi aveva composti in essi tutti i disegni dell'avvenire, e n'è sbalzato lontano, da una forza perversa! Chi, staccato a un tempo dalle più care abitudini, e disturbato nelle più care speranze, lascia que' monti, per avviarsi in traccia di sconosciuti che non ha mai desiderato di conoscere, e non può con l'immaginazione arrivare a un momento stabilito per i ritorni! Addio, casa natia, dove, sedendo, con un pensiero occulto, s'imparò a distinguere dal rumore de' passi comuni il rumore d'un passo aspettato con un misterioso timore. Addio, casa ancora straniera, casa sogguardata tante volte alla sfuggita, e non senza rossore; nella quale la mente si figurava un soggiorno tranquillo e perpetuo di sposa. Addio, chiesa, dove l'animo tornò tante volte sereno, cantando le lodi del signore; dov'era promesso, preparato un rito; dove il sospiro segreto del cuore doveva essere solennemente benedetto, e l'amore venir comandato, e chiamarsi santo; addio! Chi dava a voi tanta giocondità è per tutto; e non turba mai la gloria de' suoi figli, se non per prepararne loro una più certa e più grande.

Di tal genere, se non tali appunto, erano i pensieri di Lucía, e poco diversi i pensieri degli altri due pellegrini, mentre la barca gli andava avvicinando alla riva destra dell'Adda.

#### A nosa tradución

Sen esperar resposta, frei Cristóforo dirixíuse á sacristía; os viaxeiros saíron da igrexa; e frei Fazio pechou a porta, dicíndolles adeus, coa voz alterada

174

(tamén) Encamiñáronse solemniños<sup>5</sup> á beira que lles fora indicada; viron o bote aprellado<sup>6</sup> e, trocado o contrasinal<sup>7</sup>, embarcaron<sup>8</sup>. O barqueiro, acalando un remo na beira, arredouse; agarrando logo o outro remo e bogando cos dous bozos, liscou<sup>9</sup> pola auga cara á praia oposta. Non sobra nin chisco de vento<sup>10</sup>; o lago xacia liso e chan, e parecería inmóbil se non fose polo tremor<sup>11</sup> e andar lixeiro da lúa, que se espelaba nel desde o medio do ceo. Oíase a peñas a onda morta e lenta romper sobre o cascallo da beira, o gorgoleo, mas distante, da auga chocando<sup>12</sup> entre os piares da ponte e a champuzada<sup>13</sup> rítmica daqueles dous remos que lallaban<sup>14</sup> a superficie azul do lago, que saían súpetos, chorreando, e que volvían mergullar. A onda segada pola barca, reuníndose trala popa, marcaba un crespo ronsel<sup>15</sup>, que se ia afastando da beira. Os pasaxeiros silenciosos, coa cabeza volta cara a atrás, miraba<sup>16</sup> para os montes e mais para a vila<sup>16</sup>, alumada polo luar, mudada<sup>17</sup> aquí e acolá por grandes sombras. Albiscábanse as aldeas, as casas, as caba-

4. "Coa voz alterada tamén". Aínda que preferiríamos «tamén coa voz alterada», o adverbio ao final da frase mitiga un algo a repetición «ada: «lles fora indicada» e é difícil substituílo.

5. "Encamiñáronse solemniños". A aliteración pode reflectir a repetición *zitti zitti*.

6. "Viron o bote aprellado". O bote preparado. Non parece mal o uso de "aparellado", que é o adxectivo que se lle aplica a un bote disposto a partir con todas as garantías.

7. "Contrasinal". Rompemos, mediante os dous participios, a repetición do sufixo *ada*. Seguindo ás tradutoras castelás, traducimos *ponla* por "contrasinal", tendo en conta que *ponla* é singular e que o que os personaxes trocan é máis dunha palabra, segundo se di máis atrás.

8. "Embarcaron". *C. entraron*, no orixinal: "embarcaron", en bo galego.

9. "Liscou". *Prose il largo*. En castelán, *tomar soleta, escapar*. Tamén se podería traducir "atastouse", aínda que o sentido de "escapar" cadrá perfectamente coa situación.

10. "Non sobra nin chisco de vento". *Non tirava un alito di vento*. Hai outras posibilidades, claro: "non fa nin migalla de vento", "nin gota de vento", etc.

11. "Tremor". *Tremolare*, "Tremolucir", moi suxestivo, non sería literal, como tampouco "tremelicar", que significa "tremor de medo, frío, etc."

12. "Chocando". *Rethi*. Seguimos un algo a tradución castelá, moi suxestiva: *estrellándose*.

13. "Champuzada". A palabra e algo vulgar, pero algúns dicionarios, como o Fladio Rodríguez, ou Frixedo-Álvarez, etc., rexistrana. O termo italiano *tonfo* significa "golpe na auga". "Mergullo" sería tamén válido, pero empregando a palabra escollida non repetimos. O uso de "rítmico" por "cadencioso" ou "compasado", tamén posibles, obedece a razóns prosódicas.

14. "Lallaban". *Tallicium*. Aínda que en galego "lallar" significa "cortar dando certa forma", ten aquí un carácter suxestivo e é homónimo do orixinal.

15. "Crespo ronsel". Literalmente, unha traxa ou fenda encrespada.

16. "Vila". *Paese*. Aínda que se pode interpretar, como na tradución catalana, por "bisbarra", "paisaxe", "país", etc., preferimos ver designada a vila de Lecco, como as tradutoras castelás. Os viaxeiros proceden dunha aldea (*villaggio*) de Lecco, de nome descoñecido.

17. "Mudada". *Variato*. Esther Benítez: *alterada*.

175

nas; o castelxo<sup>18</sup> de don Rodrigo, coa súa torre chata<sup>19</sup>, erguido sobre as casoupas amoreadas na aba do promontorio, parecía algún feroz que, dereito nas tebras, no medio dun grupo de dormentes, velase matinando un delicto. Lucía viuño, e arrepiouse. Foi decendo<sup>20</sup> cos ollos encosta embaixo ata o seu ruetro<sup>21</sup>, mirou a file nun extremo, descubriu a súa casaña, descubriu a mesta copa da figueira que sobranceaba do muro do patio, descubriu a ventá do seu cuarto; e, sentada como ía na popa, apoiou o brazo na borda, apoiou a fronte no brazo, como para dormir, e chorou secretamente.

Adeus, montes xurdindo<sup>22</sup> das augas, erguidos ao ceo; cumes desiguais, cofecidos por quen medrou entre vós e impresos na súa mente non menos do que poida estar a fasquia dos seus máis íntimos familiares; torrentes, dos que enxerxa a cacón<sup>23</sup> como un sonido de voces domésticas; casares empallados e branquexando na pendente como rabaños de ovelas pacendo; jadeus! (Que triste<sup>24</sup> é o paso de quen, criado entre vós, se afasta! Na imaxinación<sup>25</sup> daquel que parte de grado, atraído pola esperanza de adquirir fortuna nalgures<sup>26</sup>, aféanse nese intre os soños de riqueza; pásmase de ter chegado a decidirse, e voltaría atrás se non pensase que, un día, tornará<sup>27</sup> adineirado<sup>28</sup>. Consonte avanza pola chaira, os seus ollos retíranse, disgustados e cansos, daquela amplitude uniforme; o ar parécelle morto e pesado; adéntrase, afixido e desatento, nas cidades tumultuosas; as casas apegadas ás casas, as rúas que desembocan nas rúas, parecen abafalo; e diante dos edificios admirados

18. "Castelxo". A tradución desta palabra por *pilazzotto*, tal como fan as tradutoras parece, efectivamente, a máis axeitada, posto que non se trata dun "pazo", senón dun "castelo" ou "fortín", tal como se di ó comezo do romance, e, segundo o diminutivo, de pequenas dimensións.

19. "Chata". *Pinella*. Tamén "plana".

20. "Foi decendo". Empregamos a forma perifrástica para matizar que a acción se realiza de vagar, que a mirada se demora aquí e acolá.

21. "Ruetro". *Fiesello*. Coidamos que o lugar exacto onde habitaban os protagonistas era a aldea pequena ou, simplemente, parte dunha aldea, tal como traduce Esther Benítez: *aldehuela*. Non sería incorrecto, polo tanto, traducir "lugar".

22. "Xurdindo... erguidos". *Sorgenti... ed elevati*. Por medio dos grupos -*ind-* e -*id-* contribuímos a expresar a elevación, a magnificencia. Non traducimos *ed* porque non é posible en galego a solución castelá y *elevados* ou y *levantados* a causa da cacofonía.

23. "Cacón". *Scroscio*. Isto é, o feito de caer a auga en fervenza.

24. "Que triste...". Preferible aquí a "moi triste" ou "ben triste", se cadra polo seu carácter culto.

25. "Imaxinación". Evitase así a redundancia do *f*, tras "afasta", no caso de traducirmos "fantasía".

26. "Nalgures". Por non repetir "parte", no caso de traducir "noutra parte". A diferencia é mínima.

27. "Tornará". Evitámos así, mediante esta forma culta, a repetición de "voltará".

28. "Adineirado". Máis sinxelo sería "rico". Pero como a palabra italiana é *dovizioso* e, máis adiante, aparece *rico*, escollémos ese adxectivo por ser, coidamos, un dos sinónimos máis próximos.

176

polos estranxeiros, pensa, con inqueda desexo, no campo da súa aldea<sup>29</sup>, na casina sobre a cal puxo os ollos, desde hai moito tempo, e que ha mercar cando volte rico aos seus montes.

¶ Pero quen nunca levou para a outra banda deles<sup>30</sup> nin sequer a un desexo fuxitivo, quen neles concibiu tódolos proxectos do porvir e foi expulsado por unha forza perversa! ¡Quen apartado, á vez, dos seus máis queridos costumes e transtornado nas súas máis queridas esperanzas, deixa eses montes para ir tralo rastro de estraños que nunca desexou coñecer e non pode chegar coa fantasía a un momento fixado para o retorno! Adeus, casa nativa, onde, sentada cun pensamento oculto, aprendeu a distinguir do rumor dos pasos cotiáns o rumor dun paso esquecido, cun misterioso tremor. Adeus, casa aínda allea<sup>31</sup>, casa tantas veces mirada de esguello ó pasar, e non sen rubor<sup>32</sup>; na cal o maxín figuraba unha estadia tranquila e perpetua de esposa. Adeus, igrexa, onde o ánimo se tornou sereno tantas veces, cantando as louvanzas del Señor; onde fora prometido, preparado, un rito; onde o suspiro secreto do corazón debía ser solennemente benedicto, e o amor vir ordenado, e chamarse santo; jadeus! Aquel que vos daba tanto contento está por todas partes; e nunca turba a ledicia dos seus fillos, senón para llela<sup>33</sup> preparar máis certa e maior.

De tal xénero, se non eses xustamente, eran os pensamentos de Lucía, e pouco distintos os pensamentos dos outros dous peregrinos, mentres a barca os ía achegando á marxe dereita do Adda.

#### Conclusión

Para conseguirmos unha tradución digna e mesmo apurada do fragmento de *Os noívos* foi precisa a combinación de fenómenos fonéticos e léxicos, preferentemente, entendendo polos primeiros aqueles que van encamiñados á transposición de tipo non só harmónico, senón tamén suxestivo;

29. "No campo da súa aldea". Eliminamos o diminutivo para evitar a redundancia con "casina". Coidamos tamén moi correcto traducir "os seus eidos", isto é, "pensa, con inqueda desexo, nos seus eidos".

30. "Pero quen nunca levará...". Compre respectar os tempos verbais, pese á ambigüidade de contido. A presenza do xénero masculino amplifica e xeneraliza a perspectiva, de maneira que estes primeiros verbos parecen referirse ao emigrado forzoso e xeral, ou ben aos tres personaxes. Con todo, a partir de "Adeus, casa nativa", o personaxe é Lucía.

31. "Casa aínda allea". *Straniera*. Isto é, a do noivo.

32. A rima está presente no orixinal: *timore, rimare* (dúas veces) *rossore, cuore*.

33. Tamén "para lles preparar outra...", ou "para prepararlles". A forma escollida obedece ao propósito de empregar ao máximo as posibilidades da lingua. Talvez creza a inconveniente de termos que deixan sen traducir *una*, isto é, "unha", ou ben "outra", con que Manzoni expresa a esperanza, nesta especie de encoro final.

177

procuramos o ritmo e evitamos a cacofonía e a repetición inconveniente, pero tamén tratamos de reflectir, por medios lingüísticos propios, como é natural, aqueles fenómenos intencionados, de carácter fonético, que aparecen no texto orixinal. Canto ao léxico, tratamos de empregar formas xenuinamente galegas, aínda que non aparezan no orixinal, ben porque a lingua deste as descoñeza, ben porque emprega unha forma moi aproximada. Ás veces, a nosa lingua ofrece varias posibilidades de escolla, polo que temos que ter en conta o seguinte: se as alternativas son, certamente, tan parecidas que a selección resulta case irrelevante, o traductor estase a mover no ámbito da subxectividade; sen embargo, pode ocorrer que a lingua dispoña de varios homónimos, aparentemente análogos, pero dos que os significados conteñen claros matices diferenciados. Faise polo tanto necesario insistir na consulta dos dicionarios e non confiar exclusivamente nos nosos coñecementos. Baste como exemplo o 'tremar' do texto traducido, e a súa relación semántica con 'tremecer', 'tremelear', 'tremelexer', 'tremelicar' e 'tremelucir'. Canto aos vocábulos de nivel coloquial, ou de aspecto máis vulgar, como 'chamuzada', non lles temos medo, porque se cadra non é doado atopar outro tipo de significante para designar ese fenómeno. Ou os rexeitamos por vulgares, ou usamos outros que non nolo parecen tanto máis que, en todo caso, non designan exactamente o mesmo: "mergullo" non evoca "golpe na auga" (*tonfo*) senón só "acto de meterse na auga", como, por outra parte, di o dicionario; non en balde Nieves Muñiz traduce *tonfo* por *chasquiado*. Esta consideración non debe levarnos, como é natural, á ruptura do nivel de lingua, e, por conseguinte, neste caso debe predominar o culto.

Finalmente, debemos esgotar as posibilidades morfolóxicas da nosa lingua, sobre todo aquelas que lle porporcionan o seu carácter máis expresivo e peculiar.